

Praza número: 26_1012

Categoría: Profesor/a Substituto/a

Área de coñecemento: DIDÁCTICA DA EXPRESIÓN

**Departamento: DIDÁCTICAS ESPECÍFICAS E MÉTODOS DE INVESTIGACIÓN E
DIAGNÓSTICO EN EDUCACIÓN**

Documento 2

ACTA DE CONSTITUCIÓN DA COMISIÓN E APROBACIÓN DOS CRITERIOS DE VALORACIÓN

Ás 9 horas do día 16 de Xullo de 2026 constitúese a comisión xulgadora do concurso enriba indicado, coa asistencia dos seguintes membros:

Presidencia:	Jesús Miguel Muñoz Cantero
Secretaría:	Yamilé Pérez Guilarte
Vogal 1º:	Francisco César Rosa Napal
Repr. persoas traballadoras:	Pedro Marcote Vega

Todas as persoas que integran esta comisión manifestan que non incorren en ningunha das causas de abstención previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, nin en ningunha das situacións que se poidan cualificar de conflito de interese das establecidas no artigo 32.4 do Real decreto 678/2023. A continuación, a comisión aproba os **criterios de valoración** dos méritos das persoas candidatas:

Criterio de aplicación xeral

Os méritos na/s especialidade/s de coñecemento da praza obxecto de concurso (Didáctica da Expresión Musical) multiplicaranse por 1.

Os méritos na/s especialidade/s de coñecemento afín/s multiplicaranse por 0,5. A comisión acorda establecer como especialidade/s de coñecemento afín/s a/s seguinte/s: Didáctica de la Expresión Corporal; Didáctica de la Expresión Plástica; Didáctica de la Lengua y de la Literatura; Didáctica de la Matemática; Didáctica de las Ciencias Sociais; Didáctica y Organización Escolar e Métodos de Investigación y Diagnóstico en Educación.

Os méritos nas restantes especialidades de coñecemento entenderanse como non afíns e multiplicaranse por 0,1.

Criterios específicos

Todos os puntos que non estean incluídos nestes criterios específicos valoraranse de acordo co establecido no baremo da citada Normativa incluído no anexo I e segundo a ponderación por especialidades de coñecemento establecida nos parágrafos anteriores.

Praza número: 26_1012

Categoría: Profesor/a Substituto/a

Área de coñecemento: DIDÁCTICA DA EXPRESIÓN

Departamento: DIDÁCTICAS ESPECÍFICAS E MÉTODOS DE INVESTIGACIÓN E DIAGNÓSTICO EN EDUCACIÓN

EXPERIENCIA DOCENTE. Puntuación máxima: 100 puntos

Calidade docente. Puntuación máxima: 20 puntos

Manuais e libros de texto con finalidade docente universitaria (máximo de 4 puntos por cada manual/libro). Os criterios específicos de valoración serán os seguintes:

- Manuais ou libros de texto universitarios: 4 puntos por publicación
- Manuais ou libros de texto para niveis non universitarios: 2 puntos por publicación
- Capítulos de manuais ou libros de texto universitarios: 1 punto por publicación
- Unidades docentes ou material semellante de distintos niveis educativos: 0, 5 puntos por publicación.

Nota: Só se valorará material docente impreso ou dixital que conte con ISBN e/ou Depósito Legal. Valoraranse tamén materiais docentes e recursos educativos que estean dispoñibles a través de repositorios institucionais ou xeneralistas e que estean protexidos por licenzas do tipo *Creative Commons*.

Participación en proxectos docentes ou en grupos de innovación docente (máximo de 4 puntos en cada caso). Os criterios específicos de valoración serán os seguintes:

- Coordinación ou dirección dun proxecto de innovación docente: 4 puntos.
- Participación nun proxecto de innovación docente cunha duración superior a un curso: 2 puntos.
- Coordinación ou dirección dun grupo de innovación docente: 2 puntos por ano.
- Participación nun grupo de innovación docente: 1 punto por ano.
- Outras actividades de innovación docente: até 0,2 puntos.

Estadías docentes (máximo de 2 puntos). Os criterios específicos de valoración serán os seguintes:

- 0,25 puntos por mes en centros de recoñecido prestixio e se evidencien resultados da estadía.

Mobilidade docente STA ou similar (máximo de 2 puntos). Os criterios específicos de valoración serán os seguintes:

- 0,125 puntos por semana, con acreditación do traballo desenvolvido.

Nota. Non se valorarán simultaneamente como estadía docente e como mobilidade STA os mesmos días ou actividades.

Premios e recoñecementos docentes (máximo de 2 puntos). Os criterios específicos de valoración serán os seguintes:

- Premio á docencia universitaria de calidade: 2 puntos
- Premio á innovación de iniciativas docentes: 2 puntos
- Outros premios: 0,25 puntos

Praza número: 26_1012

Categoría: Profesor/a Substituto/a

Área de coñecemento: DIDÁCTICA DA EXPRESIÓN

Departamento: DIDÁCTICAS ESPECÍFICAS E MÉTODOS DE INVESTIGACIÓN E DIAGNÓSTICO EN EDUCACIÓN

EXPERIENCIA INVESTIGADORA E DE TRANSFERENCIA. Puntuación máxima: 100 puntos

Publicacións científicas (artigos en revistas científicas, libros e capítulos de libro). Puntuación máxima: 40 puntos

Coeficiente multiplicador entre 0,25 e 1 que poderá ter en conta o número de persoas autoras da publicación, e, no caso das revistas, a súa posición na base de datos. Os criterios específicos de valoración serán os seguintes:

- Revistas situadas en JCR ou SJR, Q1: 2,5 puntos.
- Revistas situadas en JCR ou SJR, Q2: 2,25 puntos.
- Revistas situadas en JCR ou SJR, Q3: 2 puntos.
- Revistas situadas en JCR ou SJR, Q4: 1,75 puntos.
- Revistas incluídas en ESCI que non dispoñan de cuartil JCR ou SJR: 1,5 puntos.
- Revistas con selo de calidade FECYT ou incluídas no Índice Dialnet de Revistas: 1,25 puntos.
- Revistas incluídas en ERIH Plus ou no Catálogo Latindex 2.0: 1 punto.
- Revistas incluídas noutras bases de datos académicas selectivas: até 0,5 puntos.
- Outras publicacións científicas con avaliación externa acreditada: até 0,25 puntos.

Os libros e os capítulos de libro valoraranse tendo en conta o prestixio da editorial. A puntuación máxima dun capítulo de libro será de 1 punto; a dun libro, de 5 puntos. Os criterios específicos de valoración serán os seguintes:

- Autoría de libro completo (SPI Q1 ou Q2 de editoriais internacionais ou Q1 de editoriais nacionais): 5 puntos por contribución.
- Autoría de libro completo (SPI Q3 ou Q4 de editoriais internacionais ou Q2 de editoriais nacionais): 4,5 puntos por contribución.
- Autoría de libro completo (SPI Q3 ou Q4 de editoriais nacionais): 4 puntos por contribución.
- Autoría de libro completo fóra de SPI: até 2 puntos por contribución.
- Autoría de capítulo (SPI Q1 ou Q2 de editoriais internacionais ou Q1 de editoriais nacionais): 1 punto por contribución.
- Autoría de capítulo (SPI Q3 ou Q4 de editoriais internacionais ou Q2 de editoriais nacionais): 0,75 puntos por contribución.
- Autoría de capítulo (SPI Q3 ou Q4 de editoriais nacionais): 0,5 puntos por contribución.
- Autoría de capítulo fóra de SPI: até 0,5 puntos por contribución.
- Edición/Coord., edición crítica ou edición anotada (SPI Q1 ou Q2 de editoriais internacionais ou Q1 de editoriais nacionais): 2,5 puntos por contribución.
- Edición/Coord. (SPI Q3 ou Q4 de editoriais internacionais ou Q2 de editoriais nacionais): 2 puntos por contribución.
- Edición/Coord. (SPI Q3 ou Q4 de editoriais nacionais): 1,5 puntos por contribución.

Neste apartado tamén se valorarán as gravacións de discos publicadas en produtoras, para o cal seguiranse criterios similares aos dos libros ou capítulos de libro.

Nota sobre libros e capítulos. Será empregado como referencia o índice SPI (Clasificación Xeral). No caso das editoriais non contempladas no SPI, serán atendidos os seguintes criterios: colección universitaria, presenza de



Praza número: 26_1012

Categoría: Profesor/a Substituto/a

Área de coñecemento: DIDÁCTICA DA EXPRESIÓN

Departamento: DIDÁCTICAS ESPECÍFICAS E MÉTODOS DE INVESTIGACIÓN E DIAGNÓSTICO EN EDUCACIÓN

comité científico internacional, sistema de selección de orixinais público con avaliación externa previa á publicación.

No caso das enxeñaría, as publicacións en actas de congresos de calidade contrastada ou incluídos en listaxes de referencia valoraranse cun máximo de 2,5 puntos por cada contribución. Os criterios específicos de valoración serán os seguintes:

Comunicacións en reunións científicas. Puntuación máxima: 5 puntos

Cada contribución valorarase cun máximo de 0,5 puntos. Os criterios específicos de valoración serán os seguintes:

- Relatorios ou conferencias por convite en congresos internacionais: 0,5 puntos por contribución.
- Relatorios ou conferencias por convite en congresos nacionais: 0,4 puntos por contribución.
- Comunicacións en congresos internacionais: 0,3 puntos por contribución.
- Comunicacións en congresos nacionais: 0,2 puntos por contribución.
- Pósters en congresos internacionais: 0,1 puntos por contribución.
- Pósters en congresos nacionais: 0,05 puntos por contribución.
- Outros: até 0,1 puntos por contribución.

Accións de transferencia e divulgación. Puntuación máxima: 10 puntos

Puntuación máxima de 2 puntos por cada mérito alegado. Os criterios específicos de valoración serán os seguintes:

Transferencia:

- Patentes, rexistros da propiedade intelectual: até 1 punto por contribución.
- Comisariado ou organización de exposicións: até 2 puntos por contribución.
- Outras actividades de transferencia: até 0,5 puntos por contribución.

Divulgación:

- Publicacións de carácter divulgativo ou en medios non especializados: até 1 punto.
- Impartición de conferencias, cursos e seminarios de divulgación científica: até 1 punto.
- Organización de xornadas de divulgación científica: até 1 punto.
- Concertos (0,75 puntos por concerto).
- Composicións orixinais (0,75 puntos por composición editada ou rexistrada na SGAE, ou en Propiedade Intelectual. Xustificarse có certificado correspondente). En caso de arranxo multiplicarase por 0,5.
- Premios en certames musicais. (0,75)
- Mencións en certames musicais. (0,40)
- Outras actividades de carácter divulgativo: até 0,5 puntos.

Nota. A puntuación outorgase en función da calidade, relevancia e duración do mérito, así como da súa ligazón coa praza en concurso.

Praza número: 26_1012

Categoría: Profesor/a Substituto/a

Área de coñecemento: DIDÁCTICA DA EXPRESIÓN

**Departamento: DIDÁCTICAS ESPECÍFICAS E MÉTODOS DE INVESTIGACIÓN E
DIAGNÓSTICO EN EDUCACIÓN**

EXPERIENCIA PROFESIONAL. Puntuación máxima: 100 puntos

Os criterios específicos de valoración serán os seguintes con dedicación a tempo completo. En caso de dedicación a tempo parcial ou de períodos inferiores a un ano, a valoración será proporcional.

- Experiencia profesional directamente relacionada coa docencia musical en conservatorios, centros de ensino regrado ou escolas de música: 5 puntos por ano.
- Desempeño de cargos de coordinación, liderado académico ou dirección artística en institucións educativas ou musicais: ata 4 puntos por ano.
- Dirección de agrupacións vocais ou instrumentais con fins educativos: ata 3 puntos por ano.
- Actividade profesional como intérprete, director ou compositor en institucións, agrupacións ou entidades de recoñecido prestixio: ata 2 puntos por ano.
- Participación en proxectos, programas ou actividades que impliquen innovación, formación ou asesoramento relacionados coa educación musical: ata 2 puntos por ano.
- Outras actividades profesionais relacionadas co perfil do posto: ata 1 punto por ano.

Nota. Os méritos xa valorados noutros apartados do baremo non serán obxecto de dobre puntuación.

A Coruña, a 16 de xullo de 2026

A presidencia,

A secretaría,

Jesús Miguel Muñoz Cantero

Yamilé Pérez Guilarte